

# LOS ILUSOS 13 + 13

Jonás Trueba, 2026

# 1768

---

ESTREA EN NUMAX: 12.06.2026 | V.O.S.E. | 93 min

13 anos despois da estrea de "Los ilusos", a película que consagrou o talento do director Jonás Trueba, regresa ás salas cunha nova versión que incorpora a cor orixinal da rodaxe, até o de agora inédita, e propón un diálogo entre ambos materiais.

«Unha fermosura que ofrece ao espectador a posibilidade de asuntos tales como repensarse e volver desexar»

Luis Martínez, EL MUNDO



## Reválida para a emoción e a utopía

Por Luis Martínez

Alain Bergala —francés antes que só crítico e cineasta— estaba convencido da necesidade de crear un vínculo entre facer e ver cinema. O seu tiña moito de pedagogía de novo cuño, de revolución pendente, pero tamén de actitude diante e detrás tanto da pantalla como da cámara. E, apurando, da mesma vida. Jonás Trueba leva anos, algún máis que só 13, empeñado en converter o cinema en algo máis. Máis que unha expresión artística, máis que un oficio, máis que un xeito elegante de evitar unhas oposicións, máis que unha tradición familiar, máis que case todo o demais. Nin máis nin menos. O seu é un cinema que se fai e desfai a medida que avanza, que se move pola pantalla como a expresión dun desexo. Pero non un desexo de algo, sexa determinado ou abstracto, sexa próximo ou moi afastado, senón máis ben o desexo mesmo de desexar. Soa lírico, quizais tremendo, aínda que en realidade é simplemente a vontade de colocar nalgún lado a obriga da utopía. Sen cinismos e moi consciente da inxenuidade dunha proclama que tamén é provocación, non é tanto cinema para ver como para montar. Cinema que se busca en cada plano.

Todo o anterior, na súa confusión e entusiasmo, quedou claro non tanto na primeira película como na segunda. Foi en 2013 (é dicir, hai 13 anos) cando Jonás Trueba sorprendeu cunha película esencialmente peculiar. *Los ilusos*, así se chamaba aquel prodixio pintado antes que só proxectado no aire, acababa cun neno cos pés enredados en cinta un vello VHS. Aquela imaxe acabou no cartel da película e, ao seu modo, en manifesto. A película contaba a historia dun novo cineasta (Francesco Carril) algo (ou moi) pedante detrás de completar unha película sobre o suicidio á vez que facía esforzos por ordenar a súa vida sentimental (é dicir, follar). En realidade, o argumento non era máis que unha escusa para narrar o propio proceso de elaboración da película que estabamos a ver. Pero non, como tantas outras veces, en clave metacinematógrafa (cinema sobre cinema), senón máis ben deixando que a propia película explicase os seus erros, as súas intencións, as súas tentativas, as súas citas e, por que non, os seus acertos. Ver, vivir e facer cinema convertíanse no mesmo no reducido espazo de catro rúas do barrio madrileño de Lavapiés.

Agora, o que fai o director é seguir co proxecto orixinal dando carta de validez a ese primeiro intento. Polo medio, pasaron, xa se dixo, 13 anos e media ducia de longametraxes, pero o impulso orixinal mantense intacto. A nova película engade imaxes en cor, substitúe outras, alonga as menos e, sobre todo, ofrece a posibilidade de revivilo todo. Trátase de volver ver, para velo todo por primeira vez. É nostalxia, pero non da mala. É nostalxia que, en verdade, é máis recordo e aviso para navegantes. É unha preciosidade que ofrece ao espectador a posibilidade de asuntos tales como repensarse, volver desexar e, xa postos, avergoñarse. Si, dá moita vergoña recuperar o irrecuperable, pero tamén é certo que nada comparable a revivir a emoción dunha emoción xa esquecida.

Publicado en [elmundo.es](http://elmundo.es)



Na librería  
**NUMAX**  
[numax.org/librería](http://numax.org/librería)

*El viento sopla donde quiere,*  
Jonás Trueba.  
Athenaica